

PERCEPCIÓN CROMÁTICA EN MULLERES DE DIFERENTES CULTURAS

MONICA ALONSO

PARA VER A TOTALIDADE DO PROXECTO CONTACTAR COA ARTISTA

PERCEPCIÓN CROMÁTICA EN MULLERES DE DIFERENTES CULTURAS.

Medir o dificilmente medible. Obter datos estatísticos de variables emocionais.

Este proxecto está centrado en obter as cores das emocións en mulleres de diferentes culturas.

Estas cores obtéñense a través dun cuestionario deseñado para relacionar emocións con cores.

De que cor son:

A cor preferida, a felicidade, a infelicidade, o amor, a tristeza, a saúde, a enfermidade, a violencia, o relax, o estrés, o diñeiro, o pracer, a dor, o infinito, o agora, a familia, a vida, a morte, de que cor es ti?, a túa cabeza, o teu corazón, a túa nai.

Pregúntase ademais sobre cuestións vitais que preocupan ao ser humano:

Amor, creatividade, diñeiro, familia, felicidade, futuro, morte, relax, saúde, sexo, traballo.

A obtención de datos de diferentes culturas faise aplicando o cuestionario en diferentes lugares.

A cidade de Lugo.

A cidade de México.

A cidade do Cairo

No desenvolvemento deste estudo realizáronse 163 enquisas en Lugo, 50 en México e 44 en O Cairo. As enquisas fixéronselle só a mulleres e procesáronse a nivel estatístico usando o programa SPSS (V.21.0) de Windows. Os datos analizáronse mediante táboas de continxencia tendo por obxectivo identificar as diferenzas na agrupación das preocupacións vitais (amor, creatividade, diñeiro, dor, familia, felicidade, futuro, morte, relax, saúde, sexo, traballo) de maior a menor, na preferencia de cores (amarelo, azul, branco, negro, verde, vermello) de maior a menor e na asociación de cores a determinados sentimentos (cor preferida, felicidade, infelicidade, amor, tristeza, saúde, enfermidade, violencia, relax, estrés, diñeiro, pracer, dor, infinito, agora, familia, vida, morte, de que cor es ti?, a túa cabeza, o teu corazón, a túa nai). Analizáronse as diferenzas, tanto na ordenación de maior a menor como de asociación de cores e sentimentos das variables anteriores, en función tanto do país de orixe como da idade. No caso da idade as diferenzas analizáronse só no contexto de Lugo e agrupáronse as mulleres en 3 grupos de idade; no primeiro grupo as menores de 25 anos, no segundo as mulleres de 25 a 44 anos e finalmente no último grupo as maiores de 44 anos. Para analizar a significación estatística empregouse a proba estatística Chi-squared test e consideráronse diferenzas estatisticamente significativas cando $p < 0,05$.

CUESTIONARIO APLICADO

Este cuestionario forma parte dun gran proxecto de Psicoespazo que busca relacionar psicoloxía, espazo e cor. Quere ser aplicado a distintas persoas de todo o mundo, co obxectivo de establecer as cores das emocións e as experiencias da vida real. Chegar a establecer cal é a cor da felicidade, a saúde, a morte, etc, co fin de aproveitar esta información para mellorar a nosa vida e entender mellor as calidades das nosas preferencias culturais

É por isto polo que te pido a túa colaboración neste ambicioso proxecto. Moitas grazas.

Autora: Mónica Alonso. Investigadora en psicoespazo. www.teoriaspsicoespacio.com. Doutora en Belas Artes

CUESTIONARIO

Nome Muller Idade..... profesión.....

Ordena do 1 ao 11 as cuestións que mais te preocupan

amor creatividade diñeiro familia felicidade futuro morte relax saúde sexo traballo

Ordena do 1 ao 6 as seguintes cores, segundo a túa preferencia

R



A



V



Z



B



N




CR01 CR02 CR03 CA04 CA05 CA06 CA07 CV08 CV09 CV10 CZ11 CZ12 CZ13 CB14 CB15 CN16 CN17 CP18 CD19

Utilizando a anterior gama de cores anota a referencia de que cor son para ti as seguintes cuestións. Podes anotar varias

A túa cor preferida O relax	A familia
A felicidade	O estrés	A vida
A infelicidade	O diñeiro	A morte
O amor	O pracer	De que cor es TI ?.....
A tristeza	A dor	A túa cabeza
A saúde	O infinito	O teu corazón
A enfermidade	O agora	A túa nai
A violencia		

PREFERIDO

Afecto ou gusto especial por unha persoa ou cousa entre outras.



Hai diferenzas significativas $p < 0.001$


A COR PREFERIDA NON É

COR CARNE, VERDE ESCURA, AZUL MARIÑO, AMARELA CLARA, DOURADA


A COR MAIS PREFERIDA

É O AZUL MEDIO CZ12.


Cor PreferidaLugo




Cor preferida México



Cor preferida O Cairo



COR PREFERIDA POR IDADE




Non hai diferenzas.

FELICIDADE

Estado persoal de plena satisfacción.

A felicidade é unha emoción que se produce nun ser vivo cando cre ter acadado unha meta desexada. A felicidade soe ir aparelada a unha condición interna ou subxectiva de satisfacción e ledicia.



Hai diferenzas significativas $P < 0.05$


A FELICIDADE NON É

AMARELO CLARO, COR CARNE, VERDE ESCURA, AZUL MARIÑO, GRIS, NEGRA, MARRÓN, PRATEADA, DOURADA


A FELICIDADE SI É

AMARELA, ROSA CLARO


Felicidade Lugo




Felicidade México



Felicidade O Cairo



FELICIDADE POR IDADE




Non hai diferenzas.

INFELICIDADE

Estado persoal de insatisfacción.

A infelicidade é a emoción de non poder ser feliz, porque alguén ou algo falta, algo non complementa a vida ou algo impide acadar unha xusta e desexada felicidade.

A infelicidade é unha das emocións básicas do ser humano, moitas veces relacionada co estrés, a tristeza ou a soidade.



Non é significativo pero hai tendencia a diferenciarse $P=0.66$


A INFELICIDADE NON É

VERMELLA, FUCSIA, ROSA CLARO, LARANXA, AMARELA, VERDE, AZUL, BRANCA, DOURADA


A INFELICIDADE É

GRIS, NEGRA, MARRÓN, AZUL MARIÑO.


Infelicidade Lugo




Infelicidade México



Infelicidade O Cairo



INFELICIDADE POR IDADE




Non hai diferenzas.

AMOR

O amor é un concepto universal relativo á afinidade entre seres.

O amor abrangue unha gran cantidade de sentimentos diferentes, dende o desexo paixonal, a intimidade do amor romántico, o amor platónico ou o amor relixioso.



Diferenzas moi significativas $P < 0.001$


O AMOR NON É

AMARELO, VERDE, AZUL, GRIS, MARRÓN, NEGRO, PRATEADO, DOURADO


O AMOR É

VERMELLO.


Amor Lugo




Amor México



Amor O Cairo




AMOR POR IDADE



Hai diferencias estadisticamente

ENFERMIDADE

A saúde e a enfermidade son partes integrais da vida. A enfermidade enténdese como a perda da saúde. É a alteración ou desviación do estado fisiolóxico nunha ou varias partes do corpo, por causas en xeral coñecidas.



Non hai diferenzas


A ENFERMIDADE NON É

FUCSIA, ROSA CLARO, LARANXA, VERDE, AZUL, BRANCA


A ENFERMIDADE É

NEGRA, GRIS, MARRÓN


Enfermidade Lugo




Enfermidade México



Enfermidade O Cairo




ENFERMIDADE POR IDADE




Non hai diferenzas.


Enfermidade < 25 anos



Enfermidade 25-44 anos




Enfermidade > 44 anos



VIOLENCIA

A violencia é un comportamento deliberado que resulta, ou pode resultar, en danos físicos ou psicolóxicos a outros seres humanos. Aínda que adoita asociarse coa violencia física, esta tamén pode ser psicolóxica ou emocional.




A VIOLENCIA NON É

FUCSIA, ROSA CLARO, AMARELA, VERDE, AZUL, BRANCA, MARRÓN


A VIOLENCIA É

NEGRA E VERMELLA

Violencia Lugo




VIOLENCIA POR IDADE




Non hai diferenzas.

Violencia < 25 anos



Violencia 25-44 anos



Violencia > 44 anos

